



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE CORRESPONDENTE Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DUNHA FRACCIÓN DA CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN “CARMEN” Nº 1807.

ANTECEDENTES:

1. A concesión Carmen e demasía nº 1807, de 2189 pertenzas mineiras, foi outorgada o 13/07/1944 para volframio e estaño, Conta con resolución de consolidación do 24/02/1978.
2. Esta concesión de explotación é unha das sete concesións de explotación integrantes do coñecido como Grupo Mineiro Santa Comba, do que forman parte ademais:
 - San Antonio nº 1789, outorgada o 03/02/1944 para volframio e estaño, de 150 pertenzas mineiras. Conta con resolución de consolidación do 24/02/1978.
 - Santa María e demasía nº 1790, outorgada o 06/09/1943 para volframio, de 100 pertenzas mineiras. Conta con resolución de consolidación do 24/02/1978.
 - Oportuna e demasía nº 1792, outorgada o 06/09/1943 para volframio, de 400 pertenzas mineiras. Conta con resolución de consolidación do 24/02/1978.
 - Carballeira e demasía nº 1801, outorgada o 04/10/1943 para volframio e estaño, de 300 pertenzas mineiras. Conta con resolución de consolidación do 24/02/1978.
 - Santa Bárbara e demasía nº 1802, outorgada o 01/08/1946 para volframio e estaño, de 638 pertenzas mineiras. Conta con resolución de consolidación do 24/02/1978.
 - Ampliación a Oportuna e demasía nº 2912, outorgada o 28/05/1949 para caolín, volframio e estaño, de 2912 pertenzas mineiras. Conta con resolución de consolidación do 24/02/1978.
3. O actual titular das sete concesións de explotación que forman o Grupo Mineiro Santa Comba é a sociedade Galicia Tin & Tungsten SL, por Resolución, do 05/11/2015, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se autorizou a súa transmisión.
4. O 04/05/2018 José Manuel Corbal Debén, en representación de Corcel Minerals SL, solicita a autorización da transmisión ao seu favor dunha fracción da concesión de explotación “Carmen” nº 1807 (700 pertenzas mineiras e as súas demasías) co fin de completar a investigación sobre a anomalía de Ni-Co-Cu. Xunto con esta solicitude presenta o documento “*Proyecto de labores de investigación a desarrollar en la concesión de explotación Carmen nº 1807 fracción 2ª (mayo 2018)*”.
5. O 13/03/2019 os servizos técnicos da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña emiten un informe sobre a solicitude de autorización da transmisión dunha fracción da concesión de explotación “Carmen” nº 1807, que forma parte do coñecido como Grupo Mineiro Santa Comba.





6. O 14/03/2019 a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña, a vista do informe técnico do 13/03/2019, doulle trámite de audiencia a Corcel Minerals SL (recepionado o 18/03/2019) e a Galicia Tin & Tungsten SL (recepionado o 18/03/2019) para que nun prazo de 10 días puideran alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimasen oportunos.
7. Tras tomar vista do expediente o 22/03/2019 e obter copia do informe técnico do 13/03/2019, o 29/03/2019 José Manuel Corbal Debén, en representación de Corcel Minerals SL, presentou as alegacións que estimou oportunas.
8. O 22/05/2019 o xefe territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña propuxo denegar a autorización da transmisión a favor de Corcel Minerals SL dunha fracción de 700 pertencencias da concesión de explotación “Carmen” nº 1807, solicitada o 4 de maio de 2018.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. De acordo co artigo 66 b) do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, corresponde á Xefatura Territorial, a través do Servizo de Enerxía a Minas, a instrución dos procedementos e a elaboración da proposta de resolución sobre autorización de modificacións dos dereitos mineiros.
2. Segundo o disposto no artigo 2 da Orde do 10 de xuño de 2016 sobre delegación de competencias en diversos órganos da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación co artigo 16.1 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, corresponde á dirección xeral de Enerxía e Minas a resolución de autorización de modificacións dos dereitos mineiros.
3. No “*Proyecto de labores de investigación a desarrollar en la concesión de explotación Carmen nº 1807 fracción 2ª (mayo 2018)*” presentado xunto coa solicitude de Corcel Minerals SL de autorización da transmisión ao seu favor dunha fracción da concesión de explotación “Carmen” nº 1807 (700 pertenzas mineiras e as súas demasías), explicase que se pretende investigar, e no seu caso poñer en explotación, o xacemento de Ni-Cu-Co existente ao este da concesión de explotación “Carmen” nº 1807 e as súas correspondentes demasías con un orzamento total de 272.406,00 €, indicando que para a investigación contarase co apoio técnico e económico de Starboard Global Limited, compañía dedicada ao desenvolvemento de proxectos de recursos minerais, fomento e xestión de activos minerais a nivel mundial e que forma parte do accionariado de Corcel Minerals SL.

No mesmo proxecto inclúense como anexos un plan de restauración, un plan de cese da actividade, un documento de seguridade e saúde, os tres referidos á actividade de investigación, e una memoria sobre solvencia técnica e económica. Desta documentación presentada extráense os seguintes datos relevantes:





- Corcel Minerals SL (B70541792) constitúese mediante escritura do 11 de decembro 2017 do notario de Cambre don Francisco Javier Pérez-Tabernerol Olivera. A entidade mercantil Ulex Recursos SL como único socio fundador constitúe a sociedade de responsabilidade limitada de nacionalidade española denominada Corcel Minerals SL con un capital social de 3.000,00 € dividido en 300 participacións sociais de 10 € de valor nominal integramente subscritas e desembolsadas polo socio fundador. Designase como administrador único a José Manuel Corbal Debén. Xuntase á escritura os estatutos da nova entidade, nos que aparecen como obxecto “as actividades relacionadas coa promoción, explotación, investigación e explotación de calquera tipo de mineral, os seus posibles transformados, exceptuando a explotación de minerais de interese estratéxico nacional”.
 - O 21 de marzo de 2018 elevase a público o documento privado de transmisión dunha fracción segregada da concesión de explotación Carmen número 1807 e as súas demasías, mediante o cal Galicia Tin & Tungsten SL vende a Corcel Minerals SL 700 pertenzas mineiras e as súas demasías pertencentes á concesión de explotación Carmen nº 1807 polo prezo de 100 € mais o IVE do 21%.
 - Para xustificar a solvencia técnica e económica do adquirente explicase que Corcel Minerals SL conta con José Manuel Corbal Debén enxeñeiro de minas con 20 de anos de experiencia en exploración, investigación e explotación de minería de exterior e interior e realízase unha relación dos medios humanos cos que conta Starboard Global Limited que apoiará tecnicamente a Corcel Minerals SL. Xuntase unha presentación de Starboard Global Limited e referencias profesionais (currículos) dos técnicos desta sociedade.
4. Con referencia a solicitude de autorización da transmisión dunha fracción da concesión de explotación “Carmen” nº 1807 a favor da sociedade Corcel Minerals SL debe terse en conta o artigo 123 do Regulamento Xeral para o Réxime da Minería, aprobado polo Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto (RXRM) que regula as autorizacións de transmisión de concesións de explotación de recursos da sección C) da seguinte forma:

- “1. Los derechos que otorga una concesión de explotación para recursos de la Sección C) podrán ser transmitidos, arrendados o gravados en su totalidad o en parte, por cualquiera de los medios admitidos en derecho, a favor de las personas físicas o jurídicas que reúnan las condiciones establecidas en el título VIII.
2. Para hacer uso de este derecho deberá solicitarse autorización de la Dirección General de Minas e Industrias de la Construcción, mediante instancia presentada en la Delegación Provincial competente, a la que se acompañará el proyecto de contrato o el título de transmisión correspondiente, por triplicado, así como los documentos acreditativos de que, el adquirente, reúne las condiciones legales antes mencionadas. La Delegación con su informe elevará el expediente, con dos ejemplares del contrato, a la Dirección General para su resolución.
3. Cuando se trate de transmisión de derechos mineros de concesiones de explotación, la Dirección General autorizará la transmisión siempre que el adquirente haya acreditado:
 - a) Su capacidad legal suficiente.
 - b) Su solvencia técnica y económica mediante la presentación de los documentos a que se refieren los artículos 68 de la Ley y 89 de este Reglamento, con las garantías que se ofrezcan sobre su viabilidad. (...)





6. *Presentados los contratos formalizados en escritura pública y el documento que acredite el pago del impuesto correspondiente a la transmisión, o al arrendamiento o gravamen, se inscribirá en el Libro-Registro de permisos y concesiones.*
7. *Si la transmisión no afectase a la totalidad de la concesión se procederá, por cuenta de los interesados, a la demarcación de los diferentes perímetros, dividiéndose la concesión en dos o más, siempre que cada uno de ellos conserve el mínimo exigible. (...)*

Para a comprensión do anterior debe terse en conta que os artigos correspondentes ao Título VIII deixounos sen contido o artigo 17 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servicios e o seu exercicio, e que os documentos aos que se refiren os artigos 68 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas (LM) e 89 do RXRM son:

- a) Instancia con la designación del terreno solicitado que, en todo caso, deberá estar comprendido dentro del otorgado para el permiso de investigación.*
- b) Informe detallado de la naturaleza geológica del yacimiento o criadero, investigaciones realizadas y resultados obtenidos, con expresión de los recursos y reservas, todo ello firmado por el titulado competente.*
- c) Estudio de factibilidad y proyecto de aprovechamiento del recurso o recursos de que se trate, que incluirá: Memoria sobre el sistema de explotación, esquema de la infraestructura, programa de trabajo, presupuesto de las inversiones a realizar y estudio económico de su rentabilidad, y fuentes de financiación, con las garantías que se ofrezcan sobre su viabilidad. Se incluirán, en su caso, los proyectos correspondientes a las instalaciones de concentración o de beneficio de los minerales. Todo ello deberá ser suscrito por titulado de Minas conforme a su competencia”.*

5. Polo anterior, á marxe de entrar a valorar a solvencia técnica e económica da sociedade Corcel Minerals SL, unha solicitude de autorización de segregación e transmisión de parte dunha concesión de explotación en ningún caso pode realizarse co propósito de desenvolver exclusivamente un proxecto de investigación, pois a finalidade do dito dereito mineiro é o aproveitamento dun recurso posto de manifesto. Logo non se cumpren os requisitos establecidos no artigo 123 do Regulamento xeral para o réxime da minaría para poder autorizar a transmisión a favor da sociedade Corcel Minerals SL dunha fracción da concesión de explotación “Carmen” nº 1807 (700 pertenzas mineiras e as súas demasías), xa que a solicitude do 04/05/2018 presentada por José Manuel Corbal Debén en representación da dita sociedade non aporta a documentación necesaria para desenvolver una explotación mineira de acordo co establecido nos artigos 68 da Lei de Minas e 89 do dito RXRM.
6. Por outra banda, tamén en relación coa investigación da anomalía de Ni-Co-Cu que é un recurso distinto do autorizado (mineral de volframio e estaño) para a concesión de explotación “Carmen” nº 1807 debe terse en conta que o artigo 62.5 da LM e o 83 do RXRM establecen que o titular dunha concesión de explotación deberá dar conta inmediata á Delegación provincial do descubrimento de recursos de presumible interese distintos dos que motivaron o outorgamento, permitindo, no caso de que ao titular da concesión lle interesase o aproveitamento do novo recurso, a presentación dun programa de investigación se fose necesario para proxectar a explotación.





A concesión de explotación “Carmen” nº 1807 foi outorgada o 13/07/1944 para a extracción de mineral de volframio e estaño, e non consta nos expedientes referentes a este dereito ou dos outros que forman o coñecido como Grupo Mineiro Santa Comba, a comunicación da aparición dun novo recurso diferente do volframio e estaño.

7. No informe do 13/03/2019 dos servizos técnicos da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña conclúese que *“Procede a denegación da autorización da transmisión a favor de Corcel Minerals SL dunha fracción da concesión de explotación “Carmen” nº 1807 (700 pertenzas mineiras e as súas demasías), co fin de completar a investigación sobre a anomalía de Ni-Co-Cu, solicitada o 4 de maio de 2018, por incumprimento do establecido nos artigos 123 e 89 do RXRM sobre a necesidade dun proxecto de aproveitamento e por realizarse a solicitude para recursos que non son obxecto da concesión de explotación sen darlle previamente cumprimento ao establecido no artigo 62.5 da LM e no 83 do RXRM sobre comunicación por parte do titular do dereito mineiro á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria do descubrimento de novos recursos distintos dos que motivaron o outorgamento da concesión”*.
8. En relación co trámite de audiencia outorgado ás sociedades Galicia Tin & Tungsten SL e Corcel Minerals SL, José Manuel Corbal Debén, en representación de Corcel Minerals SL, presentou un escrito o 29/03/2019 no que formula as seguintes alegacións:

“Ante las dudas que surgen de cuál es el momento administrativo adecuado para poder realizar la tramitación de la solicitud de transmisión de una fracción de la Concesión de Explotación “CARMEN Nº 1807” y entendiendo que el contrato existente entre CORCEL MINERALS, S.L. y GALICIA TIN & TUNGSTEN, S.L. es válido, se precisa que en la resolución que se dicte se pueda indicar en qué momento podrá ser tramitada la transmisión de la segregación de la Concesión de Explotación “CARMEN Nº 1807”:

- *En el momento de presentación del proyecto de explotación de los nuevos recursos*
- *Una vez finalizado el procedimiento de aprobación del proyecto de explotación de los nuevos recursos, presentado”*.

E finalmente solicitase:

“Dé admisión al presente escrito para que previos trámites oportunos se indique en qué momento podrá ser tramitada la transmisión de la segregación de la Concesión de Explotación CARMEN Nº 1807”.

9. As alegacións presentadas durante o trámite de audiencia non desvirtúan nin supoñen unha modificación do exposto no informe técnico do 13/03/2019, do cal obtivo copia José Manuel Corbal Debén, en representación de Corcel Minerals SL, o 22/03/2019.





En canto ao solicitado sobre unha aclaración de carácter procedimental, de indicación do momento en que poderá ser tramitada a transmisión dunha parte da concesión de explotación “Carmen” nº 1807, considerase que a súa contestación non é obxecto desta resolución, e ademais no informe técnico do 13/03/2019 quedan perfectamente claros os motivos polos que non procede a autorización da transmisión solicitada o 04/05/2018 que se resumen en dous: por unha banda non comunicar á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria o descubrimento de novos recursos distintos dos que motivaron o outorgamento da concesión e por outra o incumprimento dos requisitos necesarios para a autorización da transmisión en canto á necesidade dun proxecto de aproveitamento deses novos recursos.

Polo anterior, de acordo coa proposta do 22/05/2019 e vista a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, o Regulamento xeral para o réxime da minería, do 25 de agosto de 1978 e demais normativa de aplicación, RESOLVO:

Denegar a autorización da transmisión a favor de Corcel Minerals SL dunha fracción de 700 pertencencias mineiras da concesión de explotación “Carmen” nº 1807, solicitada o 04/05/2018, por non cumprir os requisitos establecidos no artigo 123 do Regulamento xeral para o réxime da minaría, aprobado polo Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contada dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, ou ben, recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que proceda.

Notifíquese esta Resolución aos interesados segundo o artigo 40 da Lei 39/2015 citada.

Santiago de Compostela, na data indicada na marxe esquerda
O conselleiro de Economía, Emprego e Industria
P.D. Orde do 10/06/2016 (DOG núm. 131, do 12/07/2016)
O director xeral de Enerxía e Minas
Ángel Bernardo Tahoces

